



**AXENCIA PARA A CALIDADE DO  
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)**  
Memoria de Actividades 2017







Edita:

**Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)**

Rúa Lamas de Abade, s/n  
CIFP Compostela 5º andar  
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: +34 981534173 - Fax: +34 981534174  
Correo electrónico: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)  
Páxina web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e a ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



ACSUG é membro de ECA




A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Ambiental está verificado segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



# ÍNDICE

PRESENTACIÓN	7
MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG	9
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN	11
	11 ESTRUCTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS
	13 CALIDADE INTERNA
	14 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
	15 XESTIÓN ECONÓMICA
ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS EN 2017	19
	19 AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS
	26 AVALIACIÓN DO PROFESORADO
	40 AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN
	41 ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL
COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN	45
	45 ACTIVIDADES INTERNACIONAIS
	48 OUTRAS COLABORACIÓN
	49 CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
	50 PUBLICACIÓN

01



ACSUC

m<sup>6</sup>

## Presentación

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001 coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A ACSUG, como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, considera fundamental, en primeiro lugar, garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades. Por iso, a ACSUG ten implantado e certificado externamente un sistema de xestión interno segundo a norma ISO 9001 (xestión de calidade), e mais a norma ISO 14001 e o Regulamento EMAS (ambas as dúas sobre xestión ambiental).

A ACSUG continuou no 2017 coa realización de actividades xa implantadas anteriormente, buscando sempre a mellora da calidade das universidades galegas. Entre estas actividades podemos salienta as seguintes: a verificación, seguimento e renovación da acreditación de titulacións, a certificación dos sistemas de garantía da calidade dos centros universitarios, distintos procesos de avaliación do profesorado universitario, a realización de estudos de inserción laboral, a avaliación da investigación universitaria, etc.

A ACSUG pertence á Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e é unha das axencias participantes na Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e Acreditación dos Títulos Universitarios (CURSA), comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

A nivel internacional cómpre salienta a participación activa da ACSUG nas asociacións e organismos dos que é membro, como a European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA), o European Quality Assurance Register for Higher Education (EQAR) e o Consorcio Europeo de Acreditación (ECA).

Outras actividades salientables a nivel internacional foron a continuación e impulso das actividades en Iberoamérica. Procedeuse á sinatura de varios convenios de colaboración e avaliación con varias universidades de México: Universidade Anáhuac de Xalapa e Cancún e mais a Universidade Liberquaré.

Finalmente, destacamos a participación da ACSUG en diferentes actividades co Ministerio de Educación da República Dominicana, co obxectivo de coordinar esforzos e establecer unha colaboración mutua en actividades de formación, asesoramento e avaliación para incidir no aseguramento da calidade da educación superior no devandito país.

Esperamos que esta memoria, que reflicte o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desenvolvemento do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2017.

02



ACSUC

m<sup>8</sup>

# Misión e visión da ACSUG

## MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG

A ACSUG plasmou no seu Plan Estratéxico 2016-2020 os principios e os obxectivos xerais e estratéxicos que serven de base para a realización das actividades da axencia.

Unha parte importante do documento corresponde á misión e visión da ACSUG:

### MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de promover e velar pola garantía da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incidindo na súa mellora continua e transmitíndolle á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, para que o SUG estea sempre adaptado á situación social e económica en cada momento.

### VISIÓN

A ACSUG busca ser unha axencia de contrastada calidade e eficiencia e ser recoñecida como tal, tanto a nivel nacional como internacional, no ámbito da garantía da calidade universitaria, traballando sempre baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior.

03



ACSUC

m<sup>10</sup>

# Estrutura e organización


## ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS

### ESTRUTURA ORGÁNICA

A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, órganos consultivos e órganos de avaliación.

Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son: a presidenta ou presidente, o Consello de Dirección e a directora ou director.

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), como órgano superior de avaliación, e o Consello Asesor como órgano consultivo son órganos permanentes da ACSUG.



### **A presidenta ou presidente da ACSUG**

É o máximo representante institucional. Á presidenta ou presidente correspóndelle, entre outras funcións, convocar e presidir as sesións do Consello de Dirección, dirixir as deliberacións e decidir os empates co seu voto de calidade, así como velar pola consecución dos obxectivos da ACSUG e polo cumprimento dos seus estatutos.

### **O Consello de Dirección**

É o órgano superior de goberno, dirección e xestión. Entre as súas funcións atópanse as seguintes: a aprobación da programación anual de actividades, a adopción das medidas axeitadas para a mellor organización e funcionamento da ACSUG e a aprobación dos orzamentos da ACSUG e mais das súas contas anuais.

Son membros do Consello de Dirección a presidenta ou presidente da ACSUG, representantes das universidades do SUG e do Goberno de Galicia, membros destacados da comunidade académica e científica ou empresarial, estudantes do SUG, a presidenta ou presidente da CGIACA e a directora ou director da ACSUG. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

### **A directora ou director da ACSUG**

É o órgano executivo da ACSUG. Dirixe, organiza, xestiona e inspecciona as actividades da ACSUG de acordo coas directrices do Consello de Dirección.

### **Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)**

A CGIACA é o órgano superior de avaliación da ACSUG e exerce, con total independencia, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que

ten atribuídas a ACSUG, ás que se fai referencia no artigo 7 dos seus Estatutos, e mais outras funcións análogas propias do ámbito da garantía da calidade universitaria que lle poidan ser encomendadas polo Consello de Dirección ou pola normativa que resulte de aplicación.

A CGIACA actúa con independencia de calquera outro órgano e institución e adopta as decisións finais respecto das funcións que ten atribuídas, das que é a última responsable.

A CGIACA está composta por un presidente, por seis vogais de recoñecido prestixio da comunidade académica e científica e mais polo director da ACSUG, que actúa como secretario con voz e sen voto. Os membros da CGIACA actúan a título persoal e con plena independencia. Para o exercicio das súas funcións, a CGIACA conta con comités de asesores expertos designados pola propia comisión.

O regulamento de funcionamento, os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe e certificación que aproba e as normas reguladoras da composición, réxime de funcionamento, requisitos e procedemento de designación dos comités de asesores de expertos, aprobados pola CGIACA, son públicos.

### **O Consello Asesor**

O Consello Asesor é o órgano consultivo da ACSUG e correspóndelle a análise e a reflexión sobre o funcionamento e as actividades que desenvolve a ACSUG. Entre as súas funcións está, ademais, a de resolver as controversias que se produzan no referente ao cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas nos procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG.

Actualmente o Consello Asesor está presidido polo director da ACSUG e está composto, ademais, por oito vogais,

que son designados polo Consello de Dirección entre personalidades de recoñecido prestixio do eido científico, académico e profesional, nacional e internacional, alleos ao SUG, e garantindo a presenza de representantes do sector empresarial e de estudantes das universidades galegas. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

## RECURSOS HUMANOS

O cadro de persoal da ACSUG está formado polo director, 11 técnicos e 5 administrativos. A nivel operativo/funcional, a ACSUG conta cos seguintes departamentos:

### Gabinete de Dirección

Encárgase fundamentalmente das relacións externas, do apoio aos comités de avaliadores expertos, e mais do control e mellora continua da calidade interna da ACSUG.

### Unidade de Programas

Ocúpase, entre outras actividades, dos procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación de títulos oficiais, da avaliación do deseño e certificación da implantación de procedementos de garantía de calidade dos centros, da avaliación de centros externos ao Sistema Universitario Español (SUE), do desenvolvemento do programa de avaliación da calidade docente do profesorado universitario (Programa Docencia), e mais da realización de estudos e análises de inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.

### Unidade de Profesorado

Correspóndelle realizar, entre outras actividades, a avaliación previa á contratación de profesorado universitario e á asignación de retribucións adicionais

vinculadas a méritos individuais dos profesores funcionarios e contratados doutores. Realiza tamén a análise e seguimento das capacidades en I+D+i asociadas ao ámbito universitario, e mais outras funcións de avaliación de profesorado universitario e de grupos de investigación encomendadas á ACSUG por convenio.

### Unidade de Xestión

Nesta unidade encádranse os departamentos encargados de lle dar soporte ao resto de unidades e mais os servizos xerais, necesarios para o desempeño das actividades da ACSUG.

## CALIDADE INTERNA

### Sistema de xestión interno de calidade e medio ambiente

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, a ACSUG considera fundamental garantir un axeitado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades.

Por iso, a ACSUG ten implantado un sistema de xestión interno segundo a norma ISO 9001 (xestión de calidade) e mais a norma ISO 14001 e o Regulamento EMAS (ambas as dúas sobre xestión ambiental).

O sistema de xestión está certificado externamente por AENOR e a ACSUG atópase no ciclo de certificación 2015-2018.

Durante o ano 2017 cómpre salientar as seguintes accións de mellora levadas a cabo:

- Revisión, adaptación e aprobación dunha nova versión dos perfís funcionais da ACSUG.

- Adaptación do Sistema de Xestión da ACSUG segundo as novas versións das normas ISO 9001 e ISO 14001 e preparación para a auditoría de renovación de certificación do ano 2018, que se levará a cabo segundo as novas normas.
- Nomeamento dunha Comisión de Garantía de Calidade Interna na ACSUG, para mellorar o proceso de revisión do sistema e fomentar a implicación e participación de todo o persoal.

De cara ao ano 2018, incidirase, entre outros, nos seguintes aspectos:

- Dixitalización da documentación do Sistema de Xestión da ACSUG e establecemento dun xestor documental.
- Continuación coa acción de mellora para organizar e mellorar o sistema de arquivo da ACSUG.
- Seguir incidindo na operatividade da páxina web da ACSUG, coa creación dun enlace específico para consultar de xeito máis intuitivo os distintos informes emitidos pola axencia.
- Continuación co desenvolvemento e posta en marcha do Plan Estratéxico da ACSUG 2016-2020, deseñando as metas concretas que se pretenden acadar e implantando os plans operativos anuais para lograr os obxectivos perseguidos.
- Seguir incidindo na planificación das actividades e na metaavaliación nos procesos de avaliación.
- Comprobación na auditoría de renovación da certificación do ano 2018 da efectividade dos cambios realizados no Sistema de Xestión da ACSUG para

adaptarse ás novas versións das normas ISO 9001 e ISO 14001.

- Consolidación e impulso das actividades da Comisión de Garantía de Calidade Interna da ACSUG.
- Seguir dotando de contido relevante as reunións periódicas de todo o persoal.

### Outras normas implantadas relacionadas coa calidade e coa xestión

A ACSUG busca sempre implantar calquera outra norma que posibilite unha mellora continua e un mellor desenvolvemento das actividades. Por iso ten implantado todos os aspectos relativos á Prevención de Riscos Laborais e á Seguridade e Protección de Datos de Carácter Persoal.

## TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2017, amais das tarefas derivadas da actividade cotiá da ACSUG, os servizos informáticos desenvolveron as seguintes actividades:

- Adaptación e mellora das aplicacións de xestión de distintos procedementos levados a cabo pola ACSUG (complementos autonómicos, acreditación de profesorado, axudas do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación...) como resultado dos comentarios/suxestións dos seus distintos usuarios (solicitantes, administradores e avaliadores), xunto con aquelas derivadas dos cambios nas convocatorias.
- Melloras e adaptación da aplicación que xestiona o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (Programa DOCENTIA) da UDC, resultado do proceso de mellora continua

e dos cambios no manual. Ademais, chégase a un acordo coa Uvigo, que por primeira vez emprega a nosa ferramenta, co que se inclúe un módulo adaptado ao seu procedemento de avaliación.

## XESTIÓN ECONÓMICA

O Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 inclúe unha partida específica para asegurar o normal funcionamento das actividades da ACSUG. Esta partida recóllese anualmente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A ACSUG percibe outros ingresos por actividades de avaliación solicitadas á ACSUG e formalizadas a través

de convenios de colaboración (avaliación do Programa Docencia das universidades do SUG, análise e seguimento das capacidades en I+D+i asociadas ao ámbito non universitario, avaliación de méritos de profesorado da Universidade de Oviedo, avaliación de centros de diferentes universidades de Perú, México, etc.).

Dende o ano 2014 a ACSUG percibe tamén taxas de servizos administrativos por actuacións relacionadas coas avaliacións ou cos informes do profesorado universitario.

Velaquí os ingresos do exercicio 2017 detallados polo miúdo:

Ingresos do exercicio	Previsións	Dereitos liquidados
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	8.778,86	19.873,25
4. Transferencias correntes	1.204.955,00	1.204.955,00
5. Ingresos patrimoniais	350,00	221,48
8. Activos financeiros	0,00	4.011,00
<b>Importe total</b>	<b>1.214.083,86</b>	<b>1.229.060,73</b>

O control orzamentario permite coñecer en cada momento o custo de cada unha das actividades realizadas e facer as previsións correspondentes para acadar un gasto eficiente, responsable e equilibrado aos ingresos obtidos.

Velaquí o orzamento de gastos do exercicio 2017 detallado polo miúdo:


Gastos do exercicio - Económica	Créditos	Obrigas recoñecidas
1. Gastos de persoal	504.436,71	474.712,89
2. Gastos correntes en bens e servizos	683.747,15	708.432,13
6. Investimentos reais	22.000,00	4.314,00
8. Activos financeiros	3.900,00	6.685,00
<b>Importe total</b>	<b>1.214.083,86</b>	<b>1.194.144,02</b>

Gastos do exercicio - Áreas	Créditos	Obrigas recoñecidas
1. Órganos da ACSUG	72.813,00	59.932,96
2. Actividades de avaliación da calidade	801.998,00	796.435,65
3. Actividades de colaboración externa	35.347,90	56.302,62
4. Unidade de Xestión	303.924,96	281.472,79
<b>Importe total</b>	<b>1.214.083,86</b>	<b>1.194.144,02</b>

De acordo coa disposición adicional décimo sétima da Lei 1/2007 de orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia, a auditoría das contas anuais do exercicio 2017 realizouna a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a través dunha empresa privada de auditoría.

As contas anuais e o informe da auditoría remítenselle tamén ao Consello de Contas de Galicia para o seu coñecemento e control.





# Actividades e programas realizados en 2017

## AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS

### Verificación-modificación de títulos oficiais

Conforme ao establecido nos artigos 25, 27 e 27 bis do RD 861/2010 do 2 de xullo que modifica o RD 1393/2007 do 29 de outubro e o disposto pola "Secretaría Xeral de Universidades" da "Consellería de Educación e Ordenación Universitaria" da "Xunta de Galicia", a ACSUG é a responsable da avaliación, previa á verificación polo Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do SUG, do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a devandita normativa.

No curso 2016/2017 presentáronse 10 títulos a verificación, todos eles con Informe Final favorable, e 27 modificacións, que obtiveron todas elas a valoración de favorable.

TÍTULOS AVALIADOS NOS PROCESOS DE VERIFICACIÓN E MODIFICACIÓN POLA ACSUG									
RAMA	CICLO	2017							
		UDC		USC		UVI		TOTAL	
		VER	MOD	VER	MOD	VER	MOD	VER	MOD
<b>Artes e Humanidades</b>	Grao	0	2	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>2</b>
	Máster	0	0	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>0</b>
	Doutoramento	0	0	0	0	1	0	<b>1</b>	<b>0</b>
<b>Ciencias</b>	Grao	0	2	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>2</b>
	Máster	0	0	1	2	0	0	<b>1</b>	<b>2</b>
	Doutoramento	0	0	0	0	1	0	<b>1</b>	<b>0</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	Grao	0	0	0	1	0	0	<b>0</b>	<b>1</b>
	Máster	0	0	0	1	0	0	<b>0</b>	<b>1</b>
	Doutoramento	0	0	0	1	0	0	<b>0</b>	<b>1</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	Grao	0	1	0	1	0	2	<b>0</b>	<b>4</b>
	Máster	0	0	0	1	0	3	<b>0</b>	<b>4</b>
	Doutoramento	0	0	0	0	2	0	<b>2</b>	<b>0</b>
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	Grao	1	2	0	1	0	3	<b>1</b>	<b>6</b>
	Máster	1	2	1	1	2	1	<b>4</b>	<b>4</b>
	Doutoramento	0	0	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL</b>		<b>2</b>	<b>2</b>	<b>9</b>	<b>2</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>10</b>

Verificacións e modificacións avaliadas pola ACSUG no 2017

### Seguimento de títulos oficiais de grao e máster

No referente ao programa de seguimento de títulos, no ano 2017 a ACSUG realizou o seguimento de 45 títulos: 4 de grao, 12 de máster e 29 de doutoramento.

Distribución de títulos de seguimento por universidade, rama de coñecemento e tipo de ensino.

TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA ACSUG					
RAMA	CICLO	2017			TOTAL
		UDC	USC	UVI	
<b>Artes e Humanidades</b>	Grao	0	0	0	<b>0</b>
	Máster	0	0	1	<b>1</b>
	Doutoramento	0	2	2	<b>4</b>
<b>Ciencias</b>	Grao	0	0	0	<b>0</b>
	Máster	0	1	1	<b>2</b>
	Doutoramento	3	2	3	<b>8</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	Grao	0	2	0	<b>2</b>
	Máster	0	0	0	<b>0</b>
	Doutoramento	0	3	0	<b>3</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	Grao	0	1	0	<b>1</b>
	Máster	3	0	0	<b>3</b>
	Doutoramento	1	2	2	<b>5</b>
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	Grao	0	0	1	<b>1</b>
	Máster	2	0	4	<b>6</b>
	Doutoramento	5	2	2	<b>9</b>
<b>TOTAL</b>		<b>14</b>	<b>15</b>	<b>16</b>	<b>45</b>

## Renovación da acreditación de títulos universitarios

No curso 2016/2017, continuando co desenvolvemento do programa de renovación da acreditación, as Comisións de

Avaliación realizaron visitas a 42 centros onde se imparten os 70 títulos participantes no proceso. Na seguinte táboa preséntanse os títulos obxecto de renovación da acreditación e as datas nas que se realizaron as visitas aos centros.

UNI	RAMA	CENTRO	VISITA	TÍTULOS
UDC	Ciencias Sociais e Xurídicas	Escola Universitaria de Turismo	27 marzo 2017	- Grao en Turismo
		Facultade de Ciencias da Comunicación	20 marzo 2017	- Grao en Comunicación Audiovisual
		Facultade de Ciencias do Traballo	20-21 marzo 2017	- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos - Máster en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns
		Facultade de Dereito	7 marzo 2017	- Grao en Dereito
		Facultade de Economía e Empresa	23-24 maio 2017	- Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas - Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)
	Artes e Humanidades	Facultade de Filoloxía	13, 14 e 15 marzo 2017	- Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios - Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios - Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios - Máster Universitario en Lingüística aplicada (interuniversitario) - Máster Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade
		Facultade de Humanidades e Documentación	4 e 5 abril 2017	- Grao en Humanidades - Grao en Información e Documentación
	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Educación	1 marzo 2017	- Grao en Logopedia
		Facultade de Enfermaría e Podoloxía	7-8 marzo 2017	- Grao en Enfermaría - Grao en Podoloxía

Calendario de visitas dos títulos participantes no programa de renovación da acreditación 2016/2017.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2017

USC	Artes e Humanidades	Facultade de Filoloxía	29, 30 e 31 marzo 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao en Lingua e Literatura Galegas</li> <li>- Grao en Lingua e Literatura Españolas (intercentros Santiago-Lugo)</li> <li>- Grao en Lingua e Literatura Inglesas</li> <li>- Grao en Lingua e Literatura Modernas</li> <li>- Grao en Filoloxía Clásica</li> <li>- Máster Universitario en Estudos Ingleses avanzados e as súas Aplicacións (interuniversitario con UDC e UVI)</li> <li>- Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura</li> </ul>
		Facultade de Filosofía	3 abril 2017	- Grao en Filosofía
	Enxeñaría e Arquitectura	Escola Politécnica Superior	26, 27 e 28 abril 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máster en Enxeñaría Agronómica</li> <li>- Máster en Enxeñaría de Montes</li> </ul>
		Facultade de Matemáticas	25 e 26 abril 2017	- Máster en Matemática Industrial (interuniversitario con UDC e UVI)
	Ciencias	Facultade de Bioloxía	16 marzo 2017	- Grao en Bioloxía
		Facultade de Física	28-29 marzo 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao en Física</li> <li>- Máster Universitario en Física</li> </ul>
		Facultade de Química	22-23 marzo 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao en Química</li> <li>- Máster Universitario en Química Orgánica</li> </ul>
	Ciencias da Saúde	Facultade Medicina e Odontoloxía	21-22 marzo 2017	- Grao en Odontoloxía
		Facultade de Farmacia	28-29 marzo 2017	- Grao en Farmacia
		Facultade de Enfermaría	4-5 abril 2017	- Grao en Enfermaría
		Facultade de Veterinaria	25-26 abril 2017	- Grao en Veterinaria
	Ciencias Sociais e Xurídicas	Facultade de Ciencias da Comunicación	3-4 abril 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao en Xornalismo</li> <li>- Grao en Comunicación Audiovisual</li> </ul>
		Facultade de Económicas e Empresariais	13-14 marzo 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao en Economía</li> <li>- Grao en Administración e Dirección de Empresas</li> <li>- Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas</li> </ul>
		Facultade de Relacións Laborais	8 marzo 2017	- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

USC	Ciencias Sociales y Jurídicas	Facultad de Geografía e Historia	21-22 febrero 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máster Universitario en Arqueología y Ciencias de la Antigüedad</li> <li>- Máster Universitario en Gestión del Patrimonio Artístico y Arquitectónico, Museos y Mercado del Arte.</li> <li>- Máster Universitario en Planificación y Gestión del Desarrollo Territorial</li> </ul>
UVI	Artes y Humanidades	Facultad de Filología y Traducción	15 mayo 2017	- Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional
		Facultad de Historia	10 marzo 2017	- Grado en Geografía e Historia
	Ingeniería y Arquitectura	Escuela de Ingeniería Industrial	15-16 marzo 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máster en Ingeniería de la Automoción</li> <li>- Máster en Mecatrónica</li> <li>- Máster en Procesos de Diseño y Fabricación Mecánica</li> </ul>
		Escuela Superior de Ingeniería Informática	13-14 marzo 2017	- Grado en Ingeniería Informática
	Ciencias	Facultad de Biología	3 mayo 2017	- Máster Universitario en Biología Marina
		Facultad de Ciencias del Mar	7-8 marzo 2017	- Grado en Ciencias del Mar
		Facultad de Química	8-9 marzo 2017	- Grado en Química
	Ciencias de la Salud	Facultad de Fisioterapia	15 marzo 2017	- Grado en Fisioterapia
		Facultad de Enfermería	18-19 abril 2017	- Grado en Enfermería
	Ciencias Sociales y Jurídicas	Facultad de Ciencias Sociales y de la Comunicación	8 mayo 2017	- Máster Universitario en Dirección Pública y Liderazgo
		Facultad de Ciencias de la Educación	15-16 marzo 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grado en Educación Infantil</li> <li>- Grado en Educación Primaria</li> <li>- Grado en Educación Social</li> <li>- Grado en Trabajo Social</li> </ul>
		Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo	8 mayo 2017	- Máster Universitario en Derecho de Empresa
		Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales	25-26 abril 2017	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Grado en Administración y Dirección de Empresas</li> <li>- Grado en Economía</li> <li>- Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa</li> </ul>

ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2017

UVI	Ciencias Sociales y Jurídicas	Facultad de Ciencias de la Educación y del Deporte	6 abril 2017	- Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte
		Facultad de Derecho	23 febrero 2017	- Grado en Derecho
		Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo	9-10 mayo 2017	- Grado en Turismo - Máster en Dirección y Planificación del Turismo Interior y de Salud - Máster en Gestión Empresarial del Deporte

## SISTEMAS DE GARANTÍA DE CALIDADE. PROGRAMA FIDES-AUDIT

A certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) implica a realización dunha auditoría externa que levan a cabo dúas comisións de avaliación constituídas para ese efecto, segundo os criterios

previamente establecidos e publicados na páxina web da ACSUG.

As comisións están compostas por vogais académicos, profesionais e estudantes e mais por persoal técnico da ACSUG.

COMISIÓN 1	COMISIÓN 2
Presidente: Antonio López Cabanes Profesional: María Vilas Breijo Estudante: Javier Puga Alonso Secretaria: M <sup>a</sup> Paula Ríos de Deus (ACSUG)	Auditor xefe: Laureano González Vega Profesionais: Marta González Moldes e Cecilia de la Rosa González Estudante: Marta López López Secretaria: M <sup>a</sup> Dolores Castro Pais (ACSUG)

En novembro do 2016 publícase a convocatoria para a solicitude de participación dos centros no proceso de Certificación da implantación dos SGC para o curso 2016/2017.

Presentáronse 6 centros, que obtiveron o seguinte resultado:

### UVI:

- Facultade de Ciencias da Educación: Favorable
- Facultade de Historia: Favorable

### USC:

- Escola Politécnica Superior (Lugo): Favorable
- Facultade de Ciencias (Lugo): Favorable
- Facultade de Bioloxía: Favorable
- Facultade de Psicoloxía: Favorable

## AVALIACIÓN DO PROFESORADO

### Avaliación e informe previo para a contratación do profesorado universitario polas universidades do SUG


Como vén sendo habitual nos últimos anos, no 2017 realizouse a convocatoria anual de avaliación previa á contratación do profesorado universitario:

- Resolución do 26 de abril do 2017, da Presidenta da ACSUG, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

En comparación con anos anteriores, o volume de solicitudes flutúa, e nesta convocatoria as solicitudes descenderon con respecto á convocatoria anterior.

Mostra ou número total de solicitantes e solicitudes por figura. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).

**Número total de solicitantes/solicitudes e solicitudes por figura no SUG\* da convocatoria A-17**




\*SUG: Sistema Universitario de Galicia

No referente aos recursos de reposición presentados este ano, podemos comentar que rexistramos e resolvemos un 12% dos recursos con respecto ao número de avaliacións negativas das tres figuras. Na seguinte gráfica pódese

comprobar o número de recursos presentados por cada figura con respecto ás resolucións de avaliación negativas.


Comparación entre resolucións desfavorables e recursos de reposición presentados. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).

**Total de resolucións desfavorables e recursos presentados no SUG\* da convocatoria A-17**



\*SUG: Sistema Universitario de Galicia

Despois da etapa de resolución dos recursos de reposición presentados os datos definitivos do procedemento de acreditación preséntanse no seguinte gráfico.



### Avaliación e informe previo para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG

A través da Orde do 22 de abril do 2008 (DOG do 5 de maio do 2008), establécese o procedemento que debe seguir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos devanditos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de

setembro, de contratación de profesorado universitario, e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

### Informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores.

Pódense presentar todos aqueles que estean contratados por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras e profesores colaboradores e que se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación

de profesorado universitario. Este ano 2017 non houbo ningún solicitante.

**Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores:**

Pódense presentar todos aqueles que prorrogasen o seu contrato como profesoras e profesores colaboradores nalgunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario. Nesta modalidade este ano presentouse 1 solicitude da Universidade da Coruña, con resultado positivo.

**Complementos retributivos**

A Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de universidades, determina que as comunidades autónomas poderían establecer -artigo 55 (persoal docente e investigador contratado) e artigo 69 (persoal docente e investigador funcionario)- retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

Desenvolvendo estes dous artigos publicouse o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, co obxecto de establecer o réxime destes complementos retributivos autonómicos para o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas de Galicia. Establécense catro tipos de complementos: complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD), complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI), complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora (CEC) e

complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (CEX).

Os datos que corresponden a resultados globais sobre estes catro complementos para a convocatoria do 2017 non figuran nesta memoria de actividades, xa que as convocatorias se publicaron a finais de ano e as solicitudes aínda están en proceso de avaliación. Serán obxecto de estudo na memoria do 2018.

Nesta memoria reflíctense, polo tanto, os datos globais das convocatorias do ano 2016, pois a súa tramitación e resolución realizouse no ano 2017.

O que poderíamos destacar nesta memoria é o cambio que supuxo a modificación da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 39/2015, do 1 de outubro. Nesta modificación especificase a obrigatoriedade da realización dos trámites administrativos de modo electrónico na xestión destes procedementos. Tal e como se recolle no Art.14.2., será de obrigatoriedade para os empregados das Administracións Públicas nos trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que o determine regulamentariamente cada Administración.

Este novo sistema de relación coa administración a través de medios electrónicos provocou un profundo cambio estrutural en todos os instrumentos necesarios para a formalización dos trámites. En consecuencia, a creación dun novo sistema, non definido aínda por completo (Plataforma de Rexistro Virtual da Xunta de Galicia), e mais a inadaptación dos sistemas informáticos dos solicitantes ás esixencias técnicas derivadas do sistema de rexistro, provocaron un alto volume de non admisións a trámite de expedientes, cos conseguíntes problemas xerados aos solicitantes.

**EXPEDIENTES CON DEFICIENCIAS FORMAIS NOS TRÁMITES**

PROCEDEMENTO	TOTAIS	ADMITIDOS	INADMITIDOS
<b>Excelencia</b>	63	41	22
<b>Xestión</b>	25	13	12
<b>CLD-CLI</b>	15	8	7

Nestes casos de expedientes con deficiencias formais inclúense os presentados en papel, facendo caso omiso á obrigatoriedade electrónica; os que o fixeron polo rexistro telemático, mais non pola aplicación informática da ACSUG; e mais aqueles que, malia a o intentaren, non deron rematado o proceso de tramitación electrónica. Cada caso concreto foi estudado polo miúdo e finalmente houbo algúns admitidos a trámite, tal e como se pode apreciar no cadro.

Do mesmo xeito que mudou o trámite de formalización das solicitudes, tamén se modificou o sistema de notificación das resolucións. As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia -Notifica.gal-, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. Ao igual que aconteceu co sistema de trámite, o sistema de notificación tamén xerou incerteza nos solicitantes, sobre todo no tocante aos prazos legais de notificación e recurso.

En futuras convocatorias é previsible que as dificultades que xurdiron se vaian resolvendo así que se vaian implantando as medidas necesarias para solucionarlas.

Os datos presentados deseguido corresponden aos resultados globais das convocatorias do 2016 dos catro complementos retributivos autonómicos que existen na actualidade en Galicia.

COMPLEMENTO CONVOCATORIA 2016	TOTAL SOLICITUDES EVALUADAS	RESOLUCIONES NEGATIVAS	RESOLUCIONES POSITIVAS	% SOLICITUDES POSITIVAS
<b>Actividad docente e investigadora</b>	70	31	39	55,7%
<b>Excelencia curricular docente e investigadora</b>	549	2	547	99,6%
<b>Cargos de Gestión</b>	191	27	164	85,9%
<b>Total</b>	<b>810</b>	<b>60</b>	<b>750</b>	<b>92,6%</b>

Resumo convocatorias avaliación complementos retributivos profesorado 2016.

A porcentaxe de resolucións negativas varía moito dun complemento a outro. Mentres que no complemento de actividade docente e investigadora (CLD\_CLI) a porcentaxe é certamente elevada (unha das causas máis comúns é que os solicitantes formalizan a solicitude para este complemento querendo solicitar realmente o de excelencia curricular), nos outros dous complementos é un índice moi baixo. Isto é debido a que normalmente os solicitantes respectan os criterios de avaliación e de non cumpriren coas diferentes premisas normalmente non tramitan a súa solicitude.

#### Complemento de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador

O obxecto destes complementos é premiar o labor docente e investigador desenvolvido no SUG. Este complemento pódese solicitar todo o persoal funcionario e contratado doutor das universidades galegas que cumpra os requisitos

previamente establecidos nas convocatorias. Estes complementos foron os primeiros que se desenvolveron e véñense convocando dende o 2004.

Os datos que se inclúen nesta memoria son os correspondentes á convocatoria do ano 2016, que se resolveu na súa totalidade no ano 2017.

A convocatoria saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de decembro, a través da Resolución do 7 de outubro do 2016, pola que se aproba a convocatoria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD) e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI).

Os resultados obtidos analízanse por solicitantes, resultados globais, resultados por complemento e categoría do solicitante.

Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade.

Figura/ Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
<b>UDC</b>	9	12	21
<b>USC</b>	17	17	34
<b>UVI</b>	7	8	15
<b>TOTAIS</b>	<b>33</b>	<b>37</b>	<b>70</b>

Distribución de solicitudes por universidade e por resultado.

Figura/ Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	21	16	5
<b>USC</b>	34	12	22
<b>UVI</b>	15	11	4
<b>TOTAL</b>	<b>70</b>	<b>39</b>	<b>31</b>

ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2017

Figura/ Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	9	5	4
<b>USC</b>	17	6	11
<b>UVI</b>	7	4	3
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>15</b>	<b>18</b>

Distribución das solicitudes do complemento labor docente por universidade e por resultado.

Figura/ Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	12	11	1
<b>USC</b>	17	6	11
<b>UVI</b>	8	7	1
<b>TOTAL</b>	<b>37</b>	<b>24</b>	<b>13</b>

Distribución das solicitudes do complemento labor investigador por universidade e por resultado.

FIGURA	UDC	USC	UVI	TOTAIS
<b>CU</b>	0	8	0	8
<b>TU</b>	4	10	3	17
<b>CEU</b>	0	0	0	0
<b>TEU</b>	6	1	4	11
<b>CD</b>	11	13	8	32
<b>OTRAS</b>	0	2	0	2
<b>TOTALES</b>	<b>21</b>	<b>34</b>	<b>15</b>	<b>70</b>

Distribución das solicitudes por universidade e por categoría ocupada na universidade. (CU: catedrático de universidade, TU: titular de universidade, CEU: catedrático de escola universitaria, TEU: titular de escola universitaria, CD: contratado doutor).

### Complemento retributivo autonómico de excelencia curricular docente e investigadora

Este complemento desenvolve o seu protocolo de avaliación, en primeiro lugar, mediante a Orde do 16 de abril do 2004 (DOG do 28 de abril), que posteriormente se completa coa publicación do protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA mediante a Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro). Nel recóllense os criterios e méritos para a valoración previa á asignación dos complementos de excelencia curricular e de recoñecemento polos cargos de xestión, vixentes ata este momento.

A convocatoria correspondente ao 2016 sae publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de decembro do 2016 a través da Resolución do 5 de outubro do 2016. Xa que logo, tanto os trámites como a xestión e avaliación de expedientes da convocatoria do 2016 realízanse ao longo do primeiro

cuadrimestre do 2017, e os resultados, polo tanto, son obxecto de estudo na presente memoria do 2017.

Seguindo a normativa vixente, aos 5 anos de presentar a súa solicitude, o solicitante debe someter a actividade docente e investigadora desenvolvida no devandito período a un novo proceso de avaliación. Este ano correspóndese coa caducidade dos 5 anos de todos aqueles que se presentaron á convocatoria do 2006, ciclicamente no 2011 e, polo tanto, agora no 2016. A pesar das previsións, non foi un ano masivo de solicitudes, en comparación co 2006 e co 2011. A causa evidente é que, tras un mínimo de 3 anos despois de presentarse, é posible solicitar unha reavaliación voluntaria sempre e cando se poida acreditar un novo mérito de valoración básica (quinquenio ou sexenio). Por iso moitos non agardaron á súa caducidade de 5 anos.

Distribución das solicitudes por universidade e por resultado. Os resultados negativos son case inexistentes dado que, de se cumprir a premisa de posuír dous quinquenios de docencia e un sexenio de investigación como mínimo, xa se pode percibir o complemento. Son poucas as persoas que presentan a solicitude sen cumpriren con ela.

Total resultado solicitudes	Por universidade						Resultados globais
	UDC	% UDC	USC	% USC	UVI	% UVI	
Resultados negativos	2	0,00%	0	0,00%	2	1,09%	0,35%
Resultados positivos	574	100,00%	260	100,00%	183	98,92%	99,65%
<b>TOTAL SOLICITUDES</b>	<b>576</b>	<b>22,74%</b>	<b>260</b>	<b>45,14%</b>	<b>185</b>	<b>32,12%</b>	<b>100,00%</b>

Se analizamos os resultados do complemento de excelencia curricular do 2016, tanto na táboa coma na gráfica, o relevante é ver a diferenza existente entre os solicitantes reavaliados e os novos solicitantes, que

son un número visiblemente menor. Cómpre aclarar que dentro da porcentaxe de reavaliados inclúense todos: os expedientes de caducidade de 5 anos e os de renovación voluntaria de 3 e 4 anos.


UNIVERSIDADES		RESOLUCIÓNS NEGATIVAS	RESOLUCIÓNS POSITIVAS	DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES POR TRAMOS NOVOS OBTIDOS (CONVOCATORIA 2016)																				
				-3	-2	-1	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14			
<b>UDC 126</b>	NOVO SOLICITANTE	35	0	35	0	0	0	0	0	0	0	2	12	16	3	1	0	1	0	0	0	0	0	
	SOLICITANTE REAVALIADO	91	0	91	0	0	1	4	12	37	26	10	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>USC 255</b>	NOVO SOLICITANTE	27	2	25	0	0	0	0	0	0	1	2	6	6	7	2	1	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	228	0	228	0	0	2	22	45	63	70	24	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>UVI 168</b>	NOVO SOLICITANTE	26	0	26	0	0	0	0	0	0	1	2	9	9	4	0	1	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	142	0	142	0	0	2	7	25	44	39	21	3	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Total 549</b>	NOVO SOLICITANTE	88	2	86	0	0	0	0	0	0	2	6	27	31	14	3	2	1	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	461	0	461	0	0	5	33	82	144	135	55	5	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Os resultados máis comúns entre os solicitantes reavaliados son os obtidos entre -1, 0 e 3 tramos. Os solicitantes que obteñen 0 tramos en realidade nin baixan nin soben tramos na súa puntuación global con respecto ao obtido en convocatorias previas, simplemente quedan como estaban.

As puntuacións máis relevantes entre os solicitantes novos son as que se circunscriben entre 4 e 6 tramos. Sería peculiar que alguén obtivese un número moi elevado de tramos na primeira avaliación; así e todo, nesta ocasión vemos 3 casos pouco comúns na táboa: 1 solicitante novo da UDC con 9 tramos, e 1 novo da USC e 1 novo da UVI que obteñen 8 tramos.

Os resultados con valores negativos (-4 tramos, -3 tramos, -2 tramos, -1 tramo) e o tramo 0, só se aplican aos expedientes reavaliados.

### Resolucións de excelencia curricular 1C-16



Hai que sinalar que no caso dos reavaliados, a táboa reflicte os tramos que se van incorporando nesta convocatoria ás puntuacións xa consolidadas noutras anteriores (de aí que existan resultados en negativo se baixaron os seus tramos). Sería obxecto de estudo totalmente diferente contabilizar os tramos totais obtidos nesta convocatoria para os solicitantes reavaliados; por mencionar unha particularidade, habería moitas máis resolucións entre os 8 e os 12 tramos.

No caso de novos solicitantes, o que se reflicte en tramos correspóndese co resultado total obtido. A referencia que

hai que ter en conta é diferente. Reflictese o que obteñen en total na convocatoria pois non teñen ningún tramo consolidado de puntuación básica.

Os casos con resultado negativo son practicamente inexistentes: 2 nesta convocatoria. Responderen a estes factores: para os reavaliados, que non posúan un novo mérito de valoración básica no momento no que se presentan á reavaliación; e, para os novos solicitantes, non posuír como mínimo un ano de servizo na súa praza fixa e estable a 31 de decembro do 2015, superando o correspondente concurso-oposición establecido pola lei.

### Complemento retributivo por cargos de xestión

Este é o último dos complementos retributivos autonómicos que se desenvolveu de acordo co Decreto 55/2004 do 4 de marzo e de acordo co protocolo de avaliación publicado na Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro).

Ao igual que acontece cos outros tres complementos retributivos autonómicos, a convocatoria correspondente ao 2016 sae publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de decembro do 2016, a través da Resolución do 6 de outubro do 2016. Xa que logo, tanto os trámites como a xestión e avaliación de expedientes da convocatoria do 2016 realízanse ao longo do primeiro cuadrimestre do 2017 e os resultados, polo tanto, son obxecto de estudo na memoria do 2017.

A primeira convocatoria publicouse no 2007 e presentáronse á avaliación os posibles membros candidatos do SUG de maneira masiva. Dende esa primeira convocatoria, amais da presenza de solicitantes novos, engádese a figura do reavaliado. Esta correspóndese cos solicitantes que se poden presentar á reavaliación, pois xa se presentaron

en anteriores convocatorias e incorporan á valoración un novo período dun cargo anterior ou un cargo diferente aos xa valorados. Isto tradúcese nunha modificación dos parámetros medidos, pois incorpóranse os resultados inferiores a 0,5 tramos (que non son necesariamente resultados negativos).

A tendencia nos resultados nas distintas convocatorias foi similar e caracterízase polo número elevado de resolucións positivas. Como resolucións negativas teremos os seguintes supostos: os solicitantes que na súa primeira avaliación non obteñan polo menos 0,5 puntos/tramos, os solicitantes que non cumpran con outros criterios establecidos na propia convocatoria e os solicitantes reavaliados que, ou ben non obteñan un resultado de como mínimo 0,1 puntos/tramos na reavaliación, ou ben na súa globalidade (sumando os decimais anteriores e os novos) non obteñan 0,5 tramos. Estes son os casos menos numerosos.

Por universidades, tendo en conta esta premisa, obtemos os seguintes resultados na convocatoria do 2016:

Total resultado solicitudes	Por universidad						Resultados globales	
	UDC	% UDC	USC	% USC	UVI	% UVI		
Resultados negativos	27	12	26%	10	16%	5	6%	14%
Resultados positivos	164	35	74%	53	84%	76	94%	86%
<b>TOTAL SOLICITUDES</b>	<b>191</b>	<b>47</b>	<b>25%</b>	<b>63</b>	<b>33%</b>	<b>81</b>	<b>42%</b>	<b>100%</b>

Táboa resumo por universidades da convocatoria 1 D/16 de complementos retributivos por cargos de xestión.

\*Porcentaxes positivas e negativas por universidade. Nesta convocatoria as solicitudes con resultado negativo supoñen unha menor porcentaxe, a excepción de na UDC. As razóns son: ou ben os solicitantes presentaron cargos non recollidos no baremo e a CGIACA non outorgou equivalencia; ou ben o período do cargo presentado non tiña cesamento anterior ao 31 de decembro do 2015; ou ben aínda que os cargos foron puntuados, estes non alcanzan un mínimo de 0,5 tramos para poder percibir unha prestación económica.

Se analizamos o total de solicitudes presentadas e a porcentaxe de solicitudes por universidade, a de maior presenza foi a universidade de Vigo, seguida da de Santiago e, por último, da da Coruña.

Tramos obtidos na convocatoria 1 D/16 de complementos retributivos por cargos de xestión.

SOLICITUDES AVALIADAS		TRAMOS CONVOCATORIA 2015										
		<0,5*	≥0,5	≥1	≥2	≥3	≥4	≥5	≥6	≥7	8	
<b>UDC</b>	<b>47</b>	NOVO SOLICITANTE UDC	20	9	4	6	0	1	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UDC	27	7	6	9	3	2	0	0	0	0
<b>USC</b>	<b>63</b>	NOVO SOLICITANTE USC	22	5	3	12	2	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO USC	41	9	3	20	7	2	0	0	0	0
<b>UVI</b>	<b>81</b>	NOVO SOLICITANTE UVI	25	2	9	13	1	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UVI	56	12	16	22	3	3	0	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>191</b>	<b>NOVO SOLICITANTE</b>	<b>67</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>31</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
		<b>SOLICITANTE REAVALIADO</b>	<b>124</b>	<b>28</b>	<b>25</b>	<b>51</b>	<b>13</b>	<b>7</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

\*O resultado con valores negativos <0,5 ten un significado diferente segundo se trate de solicitantes reavaliados ou novos solicitantes. Mentres que para os novos solicitantes ter un resultado en tramos <0,5 supón unha avaliación negativa automaticamente, para os solicitantes reavaliados non supón resultado negativo necesariamente, pois sumaríase o novo valor ao xa consolidado. Para estes últimos, aplícase resolución negativa cando obteñen valores ≤ 0,1 tramos e non poden sumar así este resultado á súa puntuación xa consolidada. Nesta táboa tradúcese no seguinte: \*UDC dos 9 solicitantes novos menores de 0,5 puntos, os 9 son negativos; \*UDC dos 7 solicitantes reavaliados menores de 0,5 puntos, 3 son negativos; \*USC dos 5 solicitantes novos menores de 0,5 puntos, os 5 son negativos; \*USC dos 9 solicitantes reavaliados menores de 0,5 puntos, 5 son negativos \*UVI dos 2 solicitantes novos menores de 0,5 puntos, os 2 son negativos; \*UVI dos 12 solicitantes reavaliados menores de 0,5 puntos, 3 son negativos


Amósanse só as puntuacións adquiridas nesta convocatoria, sen ter en consideración os tramos que os solicitantes reavaliados teñan xa consolidados. Para os novos solicitantes o que se amosa na táboa é o seu resultado total. Por este motivo hai moi poucas solicitudes

con tramos elevados, pois é pouco probable que nunha soa convocatoria un solicitante poida alcanzalos. Os resultados máis numerosos son os de obtención de 1 tramo.

Na seguinte gráfica indícanse os tramos totais de cada solicitante reavaliado.

**Total solicitudes complemento por cargos de xestión 1D-16**

Tramos totais obtidos polos solicitantes avaliados na convocatoria 1D/16.



## Programa DOCENTIA

O Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) nas universidades galegas leva en marcha dende o 2007. A partir do 2009 comeza a fase de implantación experimental e de seguimento dos deseños, cunha duración mínima de dous anos e que culminará coa súa certificación.

Durante o 2017 a UDC desenvolveu a 6ª convocatoria de implantación do Programa DOCENTIA. Pola súa banda, a UVI resolveu a primeira convocatoria quinquenal para a avaliación da actividade docente do profesorado por medio do programa DOCENTIA, convocatoria aberta en decembro do 2016.

Ademais, o Centro Universitario da Defensa de Marín (CUD), centro adscrito á Universidade de Vigo, asinou un convenio de colaboración coa ACSUG para a participación no Programa DOCENTIA. Froito deste convenio, o CUD someteu o seu Manual de avaliación da actividade docente ao proceso de verificación do programa DOCENTIA e asemade desenvolveu a súa primeira convocatoria de avaliación do profesorado do centro.

## Outras avaliacións de profesorado

### **Avaliación do profesorado da Universidade de Oviedo**

En cumprimento do Convenio asinado entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo, realízanse as avaliacións

previas á emisión dos informes correspondentes á avaliación dos méritos individuais do persoal Investigador non permanente e interno da Universidade de Oviedo da Convocatoria do 2017.

A avaliación da actividade investigadora realízase de xeito similar á avaliación dos méritos de investigación para profesorado funcionario e cos mesmos criterios, é dicir, usando as instrucións adaptadas da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) e a Resolución do 26 de novembro do 2014, da Presidencia da CNEAI, pola que se establecen os criterios específicos de cada un dos campos de avaliación.

Para a realización desta avaliación cóntase cunha aplicación informática, que é utilizada polos solicitantes e posteriormente polos avaliadores, para poder resolver todos os expedientes. Os solicitantes poden ir introducindo os tramos de 6 en 6 anos que someten a valoración, completando en cada un as achegas máis relevantes derivadas da súa actividade investigadora. Cada tramo debe abranguer seis anos de investigación (anos naturais completos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), e unicamente as fraccións anuais iguais ou superiores a oito meses se computan como ano natural. Son anos constitutivos dun tramo que poden ser consecutivos, ou non. Os investigadores aos que se lles avaliara negativamente o último período de investigación presentado poderán construír un novo período, de seis anos, con algúns dos xa avaliados negativamente na última solicitude presentada e, polo menos, tres posteriores a aqueles.

Na convocatoria do 2017 avaliáronse 49 solicitudes. Dende que se asina do convenio entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo avaliáronse as seguintes:

Avaliación Sexenios de Oviedo	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2009	38
2010	9
2011	23
2012	30
2013	8
2014	22
2015	21
2016	37
2017	49
<b>TOTAL</b>	<b>237</b>

## AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria aproban as bases para o acceso, en réxime de concorrència competitiva, ás axudas do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación nas modalidades de grupos de referencia competitiva, grupos con potencial de crecemento, redes e proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente.

**Grupos de referencia competitiva:** Están caracterizados por bos índices de publicacións académicas; un nivel de captación de recursos elevado, aínda que variable segundo a área en que traballen; competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional; con capacidade para formar

e atraer novos investigadores e habituados á cooperación con outros grupos de investigación, con institucións ou con empresas. Son axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de i+d constitúan unha referencia no sistema galego de innovación.

**Grupos con potencial crecemento:** Son aqueles grupos que, sen acadaren os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, constatada con criterios estritos, e están no camiño de seren grupos de referencia.

**Redes:** Integración dos grupos de investigación en estruturas de tipo rede que favorezan o acceso ao coñecemento interdisciplinar, ás fontes de financiamento e a unha reputación que dificilmente poderían acadar individualmente.

**Investigadores con traxectoria excelente:** (primeiro ano de convocatoria ano 2016) Investigadores e investigadoras que, contando cunha traxectoria excelente, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto fundamentalmente nacionais e internacionais.

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións realizadas por un panel de avaliadores e por unha comisión de selección. Unha vez realizadas as valoracións, os resultados transmítense a unha comisión de selección que elabora a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación. Esta Comisión pode conceder ata 10 puntos adicionais a cada solicitude sobre os 100 máximos.

Avaliáronse na convocatoria do 2017 un total de 310 solicitudes das diferentes modalidades

Dende a adxudicación, por parte da Xunta de Galicia, da fase inicial de avaliación deste proceso á ACSUG, realizáronse as seguintes valoracións:

<b>AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DO SUG</b>	
<b>CONVOCATORIAS</b>	<b>N.º DE AVALIACIÓN REALIZADAS</b>
2010	85
2011	50
2012	73
2013	126
2014	421
2015	82
2016	406
2017	310
<b>TOTAL</b>	<b>1.553</b>

## ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL

Ao longo do ano 2017 a ACSUG continuou a traballar no seguimento da situación laboral das tituladas e titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG), tanto en estudos universitarios de 1º, 2º ciclo e graduados como en másteres universitarios oficiais.

Os obxectivos principais destes estudos continúan a se centrar na análise da situación laboral e académica da poboación titulada no SUG, para lles proporcionar deste xeito resultados e indicadores á sociedade en xeral e ás institucións universitarias en particular, que poidan

servir de axuda á hora de establecer accións de mellora na planificación e configuración dos seus programas formativos.

Velaquí as accións desenvolvidas pola ACSUG para os dous perfís de tituladas e titulados obxecto de análise:

### **Estudos de inserción laboral a tituladas e titulados universitarios de 1º e 2º ciclo (diplomaturas, licenciaturas, enxeñarías técnicas e enxeñarías, arquitectura e arquitectura técnica) e graos:**

No mes de abril realizouse a presentación dun "Avance de Resultados" do "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013", no que se observou unha lixeira mellora na porcentaxe de titulados que están a traballar (70,59%).

En xullo o grupo de análise estatística entregou o informe global de resultados. Ao longo deste último semestre realizáronse as correspondentes traducións ao español e inglés. En febreiro do 2018 está prevista a súa presentación e difusión.

Con respecto aos titulados no curso académico 2013-2014, este ano, a diferenza dos anos anteriores, cambiouse a temporalización na realización do traballo de campo para os titulados de 1º, 2º ciclo e graos. Este ano desenvolveuse ao longo do mes de xullo e agosto e alcanzou unha mostra de 5.132 enquisas.

Unha vez realizada a depuración, a análise inicial de resultados feita pola ACSUG enviouse ao grupo de traballo, e actualmente estanse a realizar as análises correspondentes.

### **Estudos de inserción laboral a tituladas e titulados universitarios en másteres universitarios oficiais:**

No mes de decembro a ACSUG realizou a presentación da publicación do informe global de resultados dos titulados en Másteres no curso académico 2011-2012 (EILMasteres1112), dispoñible en galego, español e inglés.

Con respecto aos resultados alcanzados para os titulados en másteres no curso académico 2012-2013 (EILMasteres1213), actualmente esta publicación está en fase de tradución ao galego, español e inglés. Posteriormente, procederase á súa maquetación, coa previsión de rematar o informe no primeiro semestre do ano 2018.

Por outra banda, no tocante aos resultados para os titulados en másteres no curso académico 2013-2014 (EILMasteres1314), actualmente o grupo de traballo da

ACSUG está a elaborar o informe global de resultados. Posteriormente, procederase a realizar as correspondentes traducións e maquetación coa previsión de presentar os resultados no segundo semestre do ano 2018.

No mes de outubro fíxose a petición de datos ás universidades dos titulados no curso académico 2014-2015, da poboación titulada en 1º, 2º ciclo e graos e mais da poboación titulada en másteres.

Durante o mes de decembro realizouse a depuración de datos e a preparación dos respectivos traballos de campo, coa seguinte previsión:

- Traballo de campo EILMasteres1415: febreiro 2018
- Traballo de campo EIL1415: abril 2018



05



## Cooperación e comunicación

Dende a súa creación a ACSUG considerou esencial establecer relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co ámbito universitario, tanto a nivel nacional como internacional.

Tamén se incidiu sempre na necesidade de ascender e dar publicidade ás actividades que a ACSUG realiza, mediante a súa difusión na páxina web, organización de seminarios, realización de publicacións, etc.

### ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

#### ENQA

A European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) é un organismo do que forman parte axencias de calidade de educación superior europeas que cumpren cos "Criterios e Directrices para a Garantía da Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG)".

A ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA dende novembro do 2009 tras superar positivamente un proceso de avaliación externo levado a cabo por este organismo. Debido a que as axencias membro deben superar unha avaliación periódica cada 5 anos, no 2014 a ACSUG volveu ser avaliada de xeito positivo ata o ano 2019.

A ACSUG seguiu a participar, como vén facendo habitualmente, durante o ano 2017 nas actividades que levou a cabo ENQA:

- 1) A ACSUG colaborou no 2017 nun proxecto coordinado por ENQA achegando información sobre a aprendizaxe baseada na práctica na Educación Superior.
- 2) Participación de ACSUG en dúas xornadas sobre:
  - Aseguramento da calidade no contexto europeo.
  - Sinerxías entre aseguramento da calidade e recoñecemento de títulos.
- 3) Asistencia da ACSUG ás dúas reunións anuais do organismo: ENQA Members' Forum en maio do 2017 en Oslo (Noruega) e ENQA General Assembly en outubro do 2017 en Sevres (Francia).
- 4) Asistencia do Director de ACSUG ao 12º European Quality Assurance Forum (EQAF) celebrado en novembro do 2017 en Riga (Letonia). O EQAF é un foro anual que permite o intercambio de experiencias sobre a educación superior por parte de todos os grupos de interese: alumnos, universidades, axencias de calidade universitaria, etc.

#### EQAR

O Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR) foi creado no ano 2008 por ENQA, ESU, EUA e EURASHE, os órganos europeos representantes das axencias de garantía de calidade, estudantes, universidades e outras institucións de educación superior, respectivamente, para incrementar a transparencia da calidade na educación

superior en Europa. O EQAR é un rexistro onde se inclúen aquelas axencias de garantía da calidade que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

Dende novembro do 2010 a ACSUG está incluída no EQAR, logo de que este organismo verificase que a ACSUG desenvolve as súas actividades cumprindo cos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG). No 2014, a ACSUG, despois de superar un novo proceso de avaliación, renovou a súa pertenza ao EQAR ata o ano 2019.

A ACSUG comezou a participar no ano 2017 no proyecto DEQAR, cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea e coordinado polo EQAR. O proxecto ten como obxectivo principal poñer en marcha unha gran base de datos que facilite o acceso aos informes dos distintos procesos de avaliación universitaria levados a cabo polas axencias de calidade europeas. A duración do proxecto é dende novembro do 2017 a outubro do 2019.

## ECA

A ACSUG é membro do Consorcio Europeo de Acreditación (ECA) dende xuño do 2013. Este organismo está integrado por axencias de garantía de calidade europeas que queren incidir no recoñecemento mutuo das actividades realizadas, así como na aprendizaxe mutua e o intercambio de boas prácticas relativas á educación superior.

Durante o ano 2017, o técnico da ACSUG membro do Board de ECA colaborou na coordinación e planificación das actividades do organismo. Mención especial merece o traballo realizado polo Board para a revisión e aprobación dun novo Plan Estratégico.

Hai que destacar tamén que a ACSUG segue a participar en dous grupos de traballo postos en marcha por ECA:

- Grupo de traballo 1 sobre recoñecemento mutuo e programas conxuntos (Mutual recognition and joint programmes).
- Grupo de traballo 2 sobre innovación en calidade e acreditación (Innovation in QA and Accreditation).

Amais do devandito, representantes da ACSUG asistiron no 2017 a varios eventos ou xornadas organizados por ECA:

- First Regional Thematic Seminar en Lisboa.
- Reunións presenciais dos grupos de traballo 1 e 2 en Barcelona, en París e na Haia.
- Reunións do Consello de ECA en Barcelona, en París e na Haia.
- Reunión anual de ECA 2017 en París.

A ACSUG colaborou, proporcionando información, nun estudo coordinado por ECA sobre empregabilidade e competencias transversais.

Cómpre salientar finalmente que a ACSUG está a participar no proyecto IMPEA, coordinado por ECA, e que ten unha duración esperada dende outubro do 2017 ata setembro do 2020. Este proxecto ten como principal obxectivo incidir na implantación de metodoloxías e ferramentas para fomentar o recoñecemento e a implantación de títulos conxuntos nas universidades.

### Outras actividades a nivel europeo

- 1) Colaboración nun estudo levado a cabo pola Comisión Europea sobre os sistemas de xestión ambiental ISO e EMAS.
- 2) Colaboración nun estudo levado a cabo pola Asociación de Estudantes de Letonia sobre os procedementos externos de avaliación de titulacións.
- 3) Colaboración nun estudo levado a cabo pola Comisión Europea sobre os avances en materia de aseguramento da calidade na Educación Superior.

### Actividades en Iberoamérica

A ACSUG segue a ampliar os seus horizontes internacionais, neste caso en Iberoamérica, onde está xa a realizar procesos de avaliación en diversas universidades.

#### República Dominicana

No ano 2016 xa se iniciaran os contactos entre a ACSUG e o Ministerio de Educación Superior da República Dominicana e en marzo do 2017 unha delegación do devandito ministerio visitou Galicia. Como resultado máis inmediato da visita, asinou un convenio de colaboración institucional entre o Ministerio de Educación Superior de Ciencia e Tecnoloxía e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, así como un segundo convenio entre o devandito Ministerio e a ACSUG para unha estreita colaboración no establecemento dun sistema nacional de aseguramento da calidade na educación superior na República Dominicana.

Posteriormente en maio do 2017 o Director da ACSUG estivo na República Dominicana participando nunhas conferencias e xornadas de traballo con representantes do

Ministerio de Educación e mais de diferentes universidades do país.

En xullo do 2017 asinou un convenio de colaboración específico entre a ACSUG e o Ministerio da República Dominicana para levar a cabo un fortalecemento dos procesos de revisión baixo o enfoque de competencias de mapas curriculares e programas de materias do primeiro ano dos plans de estudo de formación inicial de maxisterio no país.

Tamén, como resultado dos contactos levados a cabo coas distintas universidades da República Dominicana, en agosto do mesmo ano asinou un convenio xeral de colaboración entre a ACSUG e o Instituto Superior de Formación Docente Salomé Ureña (ISFODOSU) para que a axencia realice un asesoramento na implantación dun Sistema de Garantía de Calidade na universidade e mais para poder realizar nun futuro actividades de acreditación das súas titulacións.

#### Universidade Anáhuac Xalapa (UAX) de México

En marzo do 2017 procedeuse á sinatura dun convenio entre a ACSUG e a Universidade Anáhuac de Xalapa (México), para que a ACSUG leve a cabo un proceso de acreditación internacional de dúas titulacións na universidade:

- Licenciatura en Comunicación
- Licenciatura en Dereito

O proceso de avaliación levouse a cabo durante todo o 2017, incluíndo unha visita presencial realizada no mes de outubro por parte da Comisión de Avaliación Externa nomeada pola ACSUG.

Emitíronse os informes provisionais de avaliación por parte da ACSUG no mes de decembro e, tras a fase de

alegacións de que dispón a universidade, está previsto que se emitan os informes finais de avaliación no primeiro trimestre do 2018.

### **Universidade Liberquaré de México**

En xuño do 2017 procedeuse á sinatura dun convenio entre a ACSUG e a Universidade Liberquaré (México), establecendo as bases de futuras actividades concretas a levar a cabo en temas de asesoramento, formación e avaliación.

### **Universidade Anáhuac Cancún (UAC) de México**

A ACSUG asinou en outubro do 2017 un convenio marco coa Universidade Anáhuac Cancún (México).

Nese mesmo mes procedeuse á sinatura dun convenio específico entre ambas as dúas entidades, para establecer as condicións particulares do proceso de avaliación por parte da ACSUG das seguintes titulacións da UAC:

- Licenciatura en Mercadotecnia
- Licenciatura en Negocios Internacionais
- Licenciatura en Finanzas e Contaduría Pública
- Licenciatura en Dirección e Administración de Empresas

Está previsto que o proceso de avaliación se leve a cabo durante o 2018.

## **OUTRAS COLABORACIÓNS**

### **Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades**

En xullo do 2017 publícase o “Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades

españolas, 2016”. Este informe, coordinado por ANECA e no que participan todas as axencias de calidade autonómicas, é o décimo dunha serie de informes anuais que teñen como finalidade informar o Ministerio de Educación e o Consello de Universidades sobre o desenvolvemento dos procesos de avaliación, certificación e acreditación en España no ámbito da educación universitaria.

O obxectivo final destes informes é achegar unha reflexión que axude á toma de decisións sobre as principais accións de mellora necesarias para garantir a calidade do Sistema Universitario Español, cun enfoque especialmente dirixido ao servizo dos intereses dos estudantes e da sociedade.

### **Participación na comisión rede española de axencias de calidade universitaria (REACU)**

A ACSUG é membro da REACU, organismo do que forman parte todas as axencias españolas de avaliación da calidade universitaria de ámbito autonómico e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Nas reunións periódicas deste organismo trátanse temas sobre avaliación e coordinación que afectan a todas as axencias españolas.

### **Participación na comisión universitaria reguladora do seguimento e a acreditación (CURSA)**

A ACSUG é membro de CURSA, comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

**CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS****Organizados por ACSUG**

FECHA	ACTIVIDADE	LUGAR
20/03/17	Xuntanza cunha delegación do Ministerio de Educación Superior da República Dominicana	ACSUG
21/04/17	Presentación da publicación: "Estudo da inserción laboral dos titulados do Sistema Universitario de Galicia 2012-2013"	ACSUG
11/07/17	Xornada de formación da comisión de avaliación do centro universitario da defensa (CUD) para o desenvolvemento do programa DOCENTIA	ACSUG
13/07/17	Xornada de formación das comisións de avaliación da Universidade de Vigo para o desenvolvemento da convocatoria 2017 do programa DOCENTIA	ACSUG
17/10/17	Xornada de formación das comisións de avaliación da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa DOCENTIA	ACSUG
31/10/17	Xornada de reflexión coas universidades sobre verificación, seguimento e acreditación de títulos	ACSUG
14/12/17	Presentación da publicación: "Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres do Sistema Universitario de Galicia 2011-2012"	ACSUG

**Presentación de relatorios**

FECHA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN	LUGAR
10/03/17	Xornada "Certificación dos SGC" organizada por UNIBASQ	Participación e presentación dun relatorio por parte dun técnico da ACSUG	Bilbao (España)
01/09/17	Encontro da UIMP: "A resposta das universidades ás necesidades dun mercado laboral en profunda transformación"	Participación do Director de ACSUG nunha mesa redonda	Santander (España)
26-28/10/17	XIII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións	Participación e presentación dun póster por parte dun técnico da ACSUG	Ferrol (España)

## PUBLICACIÓNS

No ano 2017 a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

### Inserción Laboral



Título: Estudo da inserción  
laboral dos titulados en  
Másteres no Sistema  
Universitario de Galicia 2011-2012  
(EILMásteres1112)  
Páxinas: 264  
Ano: 2017  
Depósito Legal: C 1230-2017  
ISBN: 978-84-697-4844-2

### Publicacións nas que a ACSUG colaborou



Título: Informe sobre o estado  
da avaliación externa da calidade  
nas universidades españolas  
2016  
Páxinas: 196  
Ano: 2017





**ACSUC**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA